



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 12)**

**Presidenta:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **un de abril de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO, MEIRA, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL, DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Visto o escrito do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, no que manifesta a solicitude da Intervención en relación á aclaración do valor da franquía indicada no “Anexo III” do prego de Prescricións Técnicas e que fai necesario o traslado do expediente ao Servizo de Benestar Social e Igualdade para que se completen os trámites precisos, proponse deixar sobre a mesa a aprobación de dito expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.



**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 24 de marzo de 2022, na que se recolle os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7E2YPPNHW7X5MOU34NO5IFCI.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E2HB7FPZ5UVFOZRUGMDR76U.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7E2HTOPPX3TVBO6UAUN5HTGE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E2HJ7ZNRCTJNKQN7AMJHPE4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E2KX4JXRTWXNOUTVCAFCQ6L.

Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7E2HT4DJMZ5FG7QUNEG7YOOQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E2K2P3YWOT343CRXX6ERVBY.

Acordo de Xunta de Goberno do día 30 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E3WC3PMEKSTZY6ZAFQC7A7Y.

Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 17 de agosto de 2021.

Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 19 de agosto de 2021.

Resolución da Presidencia do día 06 de setembro de 2021, con CSV: IV7FVWSSJRXLXOVL3V6MB5RXBY, pola que se suspende o prazo para presentar proposicións.

Recurso especial en materia de contratación, interposto pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza o día 07 de setembro de 2021.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FQ4KTNB57XO76UHQEK3ST74.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FQ4JKOAOL7KPC67U5CLTGGU.

Prego de cláusulas administrativas, con CSV: IV7FQ4J2FT5J5XNO4ZXEKEKQKU.

Acordo de Xunta de Goberno do día 24 de setembro de 2021, con CSV: IV7FQD74JYBSVZPTWIXQCUAROY, polo que se aproba a rectificación da memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e pregos de cláusulas administrativas.

Acordo de Xunta de Goberno do día 24 de setembro de 2021, con CSV: IV7FQD77JM4N5XG66XXBFZBROM, polo que se aproba o Informe do Órgano de Contratación relativo ao recurso especial en materia de contratación.

Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se inadmite o recurso interposto pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza (ASPEL).

Anuncio de licitación, remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 30 de setembro de 2021.

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 04 de novembro de 2021, con CSV: IV7FYWAYFNH2TJBKJCJGB472BOU, na que se recolle o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

Lote 1: Pazo Provincial.

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. |
|                         | REALAN SERVICES S.L.     |



Lote 2: (Granxa Provincial Gayoso Castro, Granxa Experimental, Arquivo e Talleres, Parque Móbil/ Centro de Producción Audiovisual, Centro de Formación Audiovisual (Antigua Escola de Imaxe e Son), Centro de Interpretación e Cestería), Edificio nº 11 da rua San Marcos (Antiga Suplusa).

|                    |                          |
|--------------------|--------------------------|
| LICITADORES LOTE 2 | EULEN S.A.               |
|                    | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. |
|                    | REALAN SERVICES S.L.     |

Lote 3: Pazo dos Deportes e Escola de Piragüismo.

|                    |                          |
|--------------------|--------------------------|
| LICITADORES LOTE 3 | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. |
|--------------------|--------------------------|

Lote 4. Red Museística Provincial (Museo Provincial Lugo, Pazo de Tor (todo o recinto), Museo do Mar e Museo San Paio de Narla

|                    |                               |
|--------------------|-------------------------------|
| LICITADORES LOTE 4 | EULEN S.A.                    |
|                    | LIMPERGAL S.L.                |
|                    | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      |
|                    | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. |
|                    | REALAN SERVICES S.L.          |

Lote 5. recinto do Fogar de Santa María.

|                    |                               |
|--------------------|-------------------------------|
| LICITADORES LOTE 5 | EULEN S.A.                    |
|                    | ITMA S.L.U.                   |
|                    | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      |
|                    | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. |
|                    | REALAN SERVICES S.L.          |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, á mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á calificación dos sobres electrónicos A, resultando que todas as empresas concorrentes presentaron o Anexo I, de conformidade co esixido nos pregos.

A continuación procédese á apertura en acto público do sobres B, relativo aos criterios de adjudicación basados en xuízos de valor. Contrastado pola mesa que ningunha das propostas presentadas sobrepasa o número máximo de páxinas recollido nos pregos reitores da contratación, e un somero análise, acórdase enviar a documentación contida nos sobres B presentados polas

licitadoras a informe e valoración da Unidade de Vixiancia e Portería e do Servizo de Medio Ambiente.

Informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4.

Acta da mesa de contratación do día 17 de decembro de 2021, con CSV: IV7FGPCDFM6Y3XGN23QACUTQ4Q, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes do informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4, que forma parte do expediente, no que se avalían as ofertas. Debido ao pouco tempo que mediou entre a emisión do informe e a celebración da mesa de contratación, e tendo en conta a extensión do informe técnico, a mesa de contratación acorda adiar a valoración do informe técnico avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor e a apertura dos sobres C, co obxecto de completa lectura e estudo do informe, dando conta en acto público da dita decisión”

Acta da mesa de contratación do día 22 de decembro de 2021, con CSV: IV7CU3R5HFHSL5O7CDVEEXZRF4, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes do informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4, que forma parte do expediente, no que se avalían as ofertas.

Considerando a mesa de contratación que no informe presentado resulta preciso aclarar o resultado da avaliación das ofertas en función da motivación expresada, acorda solicitar informe técnico complementario ao Servizo de Medio Ambiente e á Unidade de Portería e Vixiancia, e adiar a apertura dos sobres C, dando conta en acto público da dita decisión.”

Acta da mesa de contratación do día 30 de decembro de 2021, con CSV: IV7CQTTM34E6ZJHZWVVT6YPWKA, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes do informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4 e do informe complementario con



CSV: IV7CUKLCCEGOVVFOU55GENHSBY, que forman parte do expediente, no que se recollen as puntuacións outorgadas a cada licitador en cada criterio de adxudicación e a motivación das mesmas, no que constan os seguintes cadros resumo:

Lote 1:

| Empresas licitadoras | RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS. |  | Puntuación total obtida (puntos) |
|----------------------|---|--|----------------------------------|
|                      | 3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).                             | 5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.) |                                  |
| MANTELNOR S.L        | 2,5   | 1                                      | 3,5ptos.                         |
| REALAN SERVICES S.L  | 2,0   | 0,5                                    | 2,5 ptos.                        |

Lote 2:

| Empresas licitadoras | RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS. |  | Puntuación total obtida (puntos) |
|----------------------|---|--|----------------------------------|
|                      | 3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).                             | 5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.) |                                  |
| GRUPO EULEN          | 2,5   | 2                                      | 4,5 ptos.                        |
| MANTELNOR S.L        | 2,0   | 1                                      | 3,00 ptos.                       |
| REALAN SERVICES S.L  | 1,5   | 0,5                                    | 2,0 ptos.                        |

Lote 3:

| Empresas licitadoras | RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS. |  | Puntuación total obtida (puntos) |
|----------------------|---|--|----------------------------------|
|                      | 3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).                             | 5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.) |                                  |
| MANTELNOR S.L        | 2,5   | 1                                      | 3,5 ptos.                        |

Lote 4:

| Empresas licitadoras          | RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS. |  | Puntuación total obtida (puntos) |
|-------------------------------|---|--|----------------------------------|
|                               | 3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).                             | 5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.) |                                  |
| GRUPO EULEN                   | 2,5   | 2                                      | 4,5 ptos.                        |
| GRUPO LIMPERGAL               | 2,0   | 1,5                                    | 3,5 ptos.                        |
| MANTELNOR S.L                 | 1,5   | 1                                      | 2,5 ptos.                        |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 1,5   | 1                                      | 2,5 ptos.                        |
| REALAN SERVICES S.L           | 0,5   | 0,5                                    | 1 ptos.                          |

Lote 5:

| Empresas licitadoras          | RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS. |  | Puntuación total obtida (puntos) |
|-------------------------------|---|--|----------------------------------|
|                               | 3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).                             | 5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.) |                                  |
| GRUPO EULEN                   | 2,5   | 2                                      | 4,50 ptos.                       |
| GRUPO ITMA                    | 2,0   | 0,5                                    | 2,50 ptos.                       |
| MANTELNOR S.L.                | 1,5   | 1                                      | 2,5 ptos.                        |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 2,0   | 1                                      | 3,00 ptos.                       |
| REALAN SERVICES S.L           | 0,5   | 0,5                                    | 1,00 ptos.                       |

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, procedendo a continuación á lectura – en acto público - das puntuacións acadadas polos licitadores concorrentes nos criterios de adxudicación sometidos a xuízo de valor.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres “C”, cos seguintes resultados:

| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL   |                |               |                   |
|---|----------------|---------------|-------------------|
| LICITADORES   | PREZO OFERTADO | BOSA DE HORAS | PLAN DE FORMACIÓN |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 312.284,58 €   | 1825          | 10                |
| REALAN SERVICES S.L.  | 301.411,00 €   | 1825          | 10                |
| LOTE 2: ARQUIVO E MANTENIMENTO<br>CENTRO DE INTERPRETACIÓN<br>CENTRO DE CESTERÍA<br>GRANXA GAIOSO CASTRO<br>GRANXA EXPERIMENTAL<br>CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)<br>PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL<br>EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA) |                |               |                   |
| LICITADORES   | PREZO OFERTADO | BOSA DE HORAS | PLAN DE FORMACIÓN |
| EULEN S.A.  | 153.529,64 €   | 1008          | 10                |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 147.221,25 €   | 1008          | 10                |
| REALAN SERVICES S.L.  | 152.581,00 €   | 1008          | 10                |
| LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGÜISMO  |                |               |                   |
| LICITADORES   | PREZO OFERTADO | BOSA DE HORAS | PLAN DE FORMACIÓN |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 235.940,96 €   | 1495          | 10                |
| LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA  |                |               |                   |
| LICITADORES   | PREZO OFERTADO | BOSA DE HORAS | PLAN DE FORMACIÓN |
| EULEN S.A.  | 238.370,00 €   | 1500          | 10                |
| LIMPERGAL S.L.  | 247.003,35 €   | 0             | 0                 |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 242.131,91 €   | 1500          | 10                |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.   | 236.683,62 €   | 1500          | 10                |
| REALAN SERVICES S.L.  | 236.313,00 €   | 1500          | 10                |
| LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA   |                |               |                   |
| LICITADORES   | PREZO OFERTADO | BOSA DE HORAS | PLAN DE FORMACIÓN |
| EULEN S.A.  | 257.730,00 €   | 1622          | 10                |
| ITMA S.L.U.   | 249.199,32 €   | 1622          | 15                |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 252.848,98 €   | 1662          | 10                |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.   | 252.115,60 €   | 1622          | 10                |
| REALAN SERVICES S.L.  | 267.531,00 €   | 1622          | 10                |

Pola mesa detectouse a necesidade de facer os seguintes axustes que se corresponden con operacións de aproximación aritmética de decimais sen alteración do ofertado nin das puntuacións que resultan da aplicación das fórmulas previstas no PCAP:

Lote 2:

Oferta presentada por Eulen S.A.: 126.844,00 euros, aos que se engadirán 26.645,64 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 153.529,64 euros. Axústase a oferta como segue: 126.883,99 euros, aos que se engadirán 26.645,64 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 153.529,63 euros.

Oferta presentada por Mantenor: 121.670,45 euros, aos que se engadirán 25.550,80 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 147.221,25 euros. Axústase a oferta como segue: 121.670,45 euros, aos que se engadirán 25.550,81 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 147.221,26.





Lote 3:

Oferta presentada por Mantelnor S.A.: 194.992,53 euros, aos que se engadirán 40.948,43 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 235.940,96 euros. Axústase a oferta como segue: 194.992,53 euros, aos que se engadirán 40.948,44 euros, o que ascende a un total de 235.940,97 euros.

Lote 4:

Oferta presentada por Limpergal S.L.: 204.135,00 euros aos que se engadirán 42.868,35 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 247.003,35 euros. Axústase a oferta como segue: 204.135,00 euros aos que se engadirán 42.868,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 247.003,36 euros.

Oferta presentada por Mantelnor S.L.: 200.109,02 euros, aos que se engadirán 42.022,89 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 242.131,91 euros. Axústase a oferta como segue: 200.109,01 euros, aos que se engadirán 42.022,89 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 242.131,90 euros.

Oferta presentada por Onet Iberia Soluciones S.A.U.: 195.606,30 euros, aos que se engadirán 41.077,31 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 236.683,61 euros. Axústase a oferta como segue: 195.606,30 euros, aos que se engadirán 41.077,32 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 236.683,62 euros.

Oferta presentada pola empresa Realan Services S.L.: 195.300,00 euros aos que se engadirán 41.013,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 236.313,00 euros. Axústase a oferta a 236.312,98 euros, resultado de sumar os importes unitarios ofertados.

Lote 5:

Oferta presentada pola empresa Itma S.L.U.: 205.949,85 euros, aos que se engadirán 43.249,47 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 249.199,32. Axúste a oferta a 205.949,86 euros, aos que se engadirán 43.249,48 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 249.199,34 euros.

Oferta presentada pola empresa Mantelnor Limpiezas S.L.: 208.966,10 euros aos que se engadirán 43.882,88 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 252.848,98 euros. Axústase a oferta a 208.966,10 euros aos que se engadirán 43.882,89 euros, o que ascende a un total de 252.848,99 euros.

A mesa de contratación califica os erros detectados como meros erros aritméticos, procedendo a súa corrección, e incluíndo o importe correcto no cadro que se reproduce acto seguido, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC.

Da aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, obtéñense as seguintes puntuacións:

| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL   |                           |                          |                              |
|---|---------------------------|--------------------------|------------------------------|
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO | PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS | PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 57,91                     | 30                       | 5                            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 60                        | 30                       | 5                            |
| LOTE 2: ARQUIVO E MANTENIMENTO<br>CENTRO DE INTERPRETACIÓN<br>CENTRO DE CESTERÍA<br>GRANXA GAIOSO CASTRO<br>GRANXA EXPERIMENTAL<br>CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)<br>PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL<br>EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA) |                           |                          |                              |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO | PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS | PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN |
| EULEN S.A.  | 57,53                     | 30                       | 0 <sup>1</sup>               |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 60                        | 30                       | 5                            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 57,89                     | 30                       | 5                            |
| LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGÜISMO  |                           |                          |                              |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO | PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS | PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 60                        | 30                       | 5                            |
| LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA  |                           |                          |                              |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO | PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS | PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN |
| EULEN S.A.  | 59,48                     | 30                       | 0 <sup>2</sup>               |
| LIMPERGAL S.L.  | 57,4                      | 0                        | 0                            |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 58,56                     | 30                       | 5                            |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.   | 59,91                     | 30                       | 5                            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 60                        | 30                       | 5                            |
| LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA   |                           |                          |                              |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO | PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS | PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN |
| EULEN S.A.  | 58,01                     | 30                       | 0 <sup>3</sup>               |
| ITMA S.L.U.   | 60                        | 30                       | 5                            |
| MANTENOR LIMPIEZAS S.L.   | 59,13                     | 30                       | 5                            |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.   | 59,31                     | 30                       | 5                            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 55,89                     | 30                       | 5                            |

Da suma das puntuacións acadadas polos licitadores nos sobres “B” e “C”, resultan as seguintes puntuacións totais:

<sup>1,2,3</sup> Non procede puntuación de conformidade co apartado “q” do cadro resumo, posto que non achega plan de formación.



| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL   |                     |                     |                  |
|---|---------------------|---------------------|------------------|
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN SOBRES B | PUNTUACIÓN SOBRES C | TOTAL PUNTUACIÓN |
| MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.  | 3,5                 | 92,91               | 96,41            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 2,5                 | 95                  | 97,5             |
| LOTE 2: ARQUIVO E MANTENIMENTO<br>CENTRO DE INTERPRETACIÓN<br>CENTRO DE CESTERÍA<br>GRANXA GAIOSO CASTRO<br>GRANXA EXPERIMENTAL<br>CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)<br>PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL<br>EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA) |                     |                     |                  |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN SOBRES B | PUNTUACIÓN SOBRES C | TOTAL PUNTUACIÓN |
| EULEN S.A.  | 4,5                 | 87,53               | 92,03            |
| MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.  | 3                   | 95                  | 98               |
| REALAN SERVICES S.L.  | 2                   | 92,89               | 94,89            |
| LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGÜISMO  |                     |                     |                  |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN SOBRES B | PUNTUACIÓN SOBRES C | TOTAL PUNTUACIÓN |
| MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.  | 3,5                 | 95                  | 98,5             |
| LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA  |                     |                     |                  |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN SOBRES B | PUNTUACIÓN SOBRES C | TOTAL PUNTUACIÓN |
| EULEN S.A.  | 4,5                 | 89,48               | 93,98            |
| LIMPERGAL S.L.  | 3,5                 | 57,4                | 60,9             |
| MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.  | 2,5                 | 93,56               | 96,06            |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.   | 2,5                 | 94,91               | 97,41            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 1                   | 95                  | 96               |
| LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA   |                     |                     |                  |
| LICITADORES   | PUNTUACIÓN SOBRES B | PUNTUACIÓN SOBRES C | TOTAL PUNTUACIÓN |
| EULEN S.A.  | 4,5                 | 88,01               | 92,51            |
| ITMA S.L.U.   | 2,5                 | 95                  | 97,5             |
| MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.  | 2,5                 | 94,13               | 96,63            |
| ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.   | 3                   | 94,31               | 97,31            |
| REALAN SERVICES S.L.  | 1                   | 90,89               | 91,89            |

Unha vez feita a comprobación de que ninguna das propostas presentadas incorre en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación acorda, proponer ao Ilmo. Sr. Presidente que adopte a seguinte Resolución:

1º.- Clasificar as ofertas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL   |                          |               |               |             |
|---|--------------------------|---------------|---------------|-------------|
| Nº ORDE   | LICITADORES              | NOTA SOBRES B | NOTA SOBRES C | TOTAL NOTAS |
| 1   | REALAN SERVICES S.L.     | 2,5           | 95            | 97,5        |
| 2   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 3,5           | 92,91         | 96,41       |
| LOTE 2: ARQUIVO E MANTENIMENTO<br>CENTRO DE INTERPRETACIÓN<br>CENTRO DE CESTERÍA<br>GRANXA GAIOSO CASTRO<br>GRANXA EXPERIMENTAL<br>CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)<br>PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL<br>EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA) |                          |               |               |             |
| Nº ORDE   | LICITADORES              | NOTA SOBRES B | NOTA SOBRES C | TOTAL NOTAS |
| 1   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 3             | 95            | 98          |
| 2   | REALAN SERVICES S.L.     | 2             | 92,89         | 94,89       |
| 3   | EULEN S.A.               | 4,5           | 87,53         | 92,03       |
| LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGÜISMO  |                          |               |               |             |
| Nº ORDE   | LICITADORES              | NOTA SOBRES B | NOTA SOBRES C | TOTAL NOTAS |
| 1   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 3,5           | 95            | 98,5        |

| LOTE 4:MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA |                               |               |               |             |
|---|-------------------------------|---------------|---------------|-------------|
| Nº ORDE   | LICITADORES                   | NOTA SOBRES B | NOTA SOBRES C | TOTAL NOTAS |
| 1   | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 2,5           | 94,91         | 97,41       |
| 2   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      | 2,5           | 93,56         | 96,06       |
| 3   | REALAN SERVICES S.L.          | 1             | 95            | 96          |
| 4   | EULEN S.A.                    | 4,5           | 89,48         | 93,98       |
| 5   | LIMPERGAL S.L.                | 3,5           | 57,4          | 60,9        |
| LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA   |                               |               |               |             |
| Nº ORDE   | LICITADORES                   | NOTA SOBRES B | NOTA SOBRES C | TOTAL NOTAS |
| 1   | ITMA S.L.U.                   | 2,5           | 95            | 97,5        |
| 2   | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 3             | 94,31         | 97,31       |
| 3   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      | 2,5           | 94,13         | 96,63       |
| 4   | EULEN S.A.                    | 4,5           | 88,01         | 92,51       |
| 5   | REALAN SERVICES S.L.          | 1             | 90,89         | 91,89       |

2º.- Requiritir ás empresas que se relacionan acto seguido para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten – para o lote correspondente - a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

|        | LICITADOR                     | GARANTÍA    |
|--------|-------------------------------|-------------|
| LOTE 1 | REALAN SERVICES S.L.          | 12.455,00 € |
| LOTE 2 | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      | 6.083,52 €  |
| LOTE 3 | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      | 9.749,63 €  |
| LOTE 4 | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 9.780,32 €  |
| LOTE 5 | ITMA S.L.U.                   | 10.297,49 € |

Resolución da Presidencia do día 17 de xaneiro de 2022, con CSV: IV7CQCZTPNGI7K5T276XIBZX4E, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 19 de xaneiro de 2022.



Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da mesa de contratación do día 07 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C4227HYOO5P5ISIP4A4YOII , na que se recolle o seguinte:

Respecto da documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, se detecta o seguinte:

Lote 1 – Pazo Provincial.

A clasificación achegada pola empresa Realan Services S.L. non é suficiente para acreditar a solvencia económica, técnica e financeira mínima esixida no PCAP, e se atopa suspendida.

Non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 1.4 do PPT.

Lote 2: Arquivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Granxa Experimental, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son), Parque Móbil e Centro de Producción Audiovisual e Edificio nº11 rúa San Marcos (Antiga SUPLUSA).

A empresa Mantelnor Limpiezas S.L., non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 2.3 do PPT.

Lote 3: Pazo de Deportes e Escola de Piragüismo.

A empresa Mantelnor Limpiezas S.L., non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 3.3 do PPT.

Lote 4: Museo Provincial, Pazo de Tor- Monforte, Museo do Mar e Museo San Paio de Narla.

A empresa Onet Iberia Soluciones S.A.U. non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 4.5 do PPT.

Lote 5: Recinto do Fogar de Santa María.

A proposta presentada pola empresa Itma S.L.U. asína Dona Yolanda Rodríguez Díaz, figurando no rolece como administradora única da sociedade Dna. Yolanda Rodríguez Ordiz.

A declaración responsable da vixencia dos datos que constan no rolece asínaa Dna. Sonia Fernández Díaz, sin que conste bastateo desta para representar á sociedade nas súas relacións coa Deputación Provincial de Lugo.

Igualmente debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 4.5 do PPT

A mesa de contratación califica os erros detectados como subsanables, polo que acorda, de conformidade co disposto no artigo 141.2 “*in fine*” da LCSP, por unanimidade dos seus integrantes o seguinte:

Lote 1 - Pazo Provincial.

Requirir á empresa Realan Services S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

1. Acreditación da solvencia económica, técnica e financeira polos medios recollidos no apartado “S.1” e “S.2” do cadro resumo, ou clasificación no grupo U, Subgrupo 1, Categoría 2 ou superior.

2. Concreción dos medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 1.4 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Contenedores de recollida selectiva

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.



Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 2: Archivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Granxa Experimental, Centro de Formación Audiovisual (antiga Escola de Imaxe e Son), Parque Móbil e Centro de Producción Audiovisual e edificio nº11 rúa San Marcos (antiga SUPLUSA).

Requirir á empresa Mantelnor Limpiezas S.L para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

A empresa., debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 2.3 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 3: Pazo de Deportes e Escola de Piragüismo.

Requirir á empresa Mantelnor Limpiezas S.L para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

A empresa debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 3.3 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 4: Museo Provincial, Pazo de Tor- Monforte, Museo do Mar e Museo San Paio de Narla.

Requirir á empresa Onet Iberia Soluciones S.A.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

A empresa debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 4.5 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 5: Recinto do Fogar de Santa María.





Requirir á empresa empresa Itma S.L.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Debe aclarar se a asinante da proposta é Dna. Yolanda Rodríguez Díaz ou Dna. Yolanda Rodríguez Ordiz e achegar fotocopia do DNI desta. Asimesmo debe achegar bastanteo da asinante das declaracións responsables Dna. Sonia Fernández Díaz ou achegar ditas declaracións responsables asinadas pola administradora única da empresa.

Debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 4.5 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 08 de febreiro de 2022.

Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da mesa de contratación do día 15 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C6ULLD454TLFS4YYXCQZHD4, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a mesa de contratación en sesión anterior acordou requirir ás empresas mellor valoradas para cada lote a subsanación da documentación administrativa presentada; cos seguintes resultados:

Lote 1:

A empresa Realan Services S.L., non subsana os erros detectados, posto que:

Non acredita a solvencia económica e financeira mínima esixida no apartado S.1 do PCAP, polos medios recollidos no referido apartado; posto que carece de soporte documental que avale a solvencia económica e financeira declarada.

Non acredita a solvencia técnica e profesional mínima esixida no apartado S.2 do PCAP, polos medios recollidos no referido apartado; posto que carece de soporte documental que avale a realización dos traballos declarados.

Polo que vai dito, a mesa de contratación propón que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución:

Excluir a proposta presentada pola empresa Realan Services S.L. para o lote 1 do contrato de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por non acreditar a solvencia económica, financeira e técnica requirida no PCAP, segundo o previsto no artigo 150 da LCSP e proceder á devolución da garantía depositada por Realan Services S.L. en concepto de garantía definitiva (Número de expediente: 122/PES/1250, número de operación: 320220000508).

Notificar ao interesado a resolución adoptada, significándolle que por tratarse dun acto de trámite dos contemplados no artigo 44.2.b da LCSP, cabe recurso especial en materia de contratación.

Requirir á empresa Mantelnor Limpiezas S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente – para o lote 1 - a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 12.904,32 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Lote 2, 3 4 e 5.



No tocante aos medios materiais adscritos á execución do contrato do resto de lotes, considera a mesa de contratación, que resulta preciso verificar que os declarados polas licitadoras mellor valoradas para cada lote son suficientes para a execución do obxecto do contrato, polo que acorda, requirir informe técnico á Unidade de Portería e Vixilancia sobre este extremo.

Dilixencia de acta de mesa de contratación, con CSV: IV7C6MDKJXVOTWJPSB5SGIHT6M, na que se recolle o seguinte:

“Na acta da sesión celebrada pola Mesa de Contratación o día 15 de febreiro de 2022, detéctase, revisando a gravación do acto, concretamente o minuto 58 da mesma, que foi dito que para o lote 5 a mesa de contratación acorda, no tocante á representación do asinante da oferta, facultar ao servizo de contratación e fomento para solicitar de oficio bastanteo de poder á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, e proceder á incorporación deste ao expediente, posto que a licitadora achega DNI da apoderada, escritura de outorgamento de poderes ( outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Asturias, baixo o número 707 de protocolo) e presenta – entre outros- bastanteo de poder para participar nas poxas e concursos que convoque a Administración Autónoma Galega, a través das súas Consellerías, Organismos, Entidades e Empresas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a mesa de contratación en sesión anterior considerou, a necesidade de verificar que os medios materiais adscritos á execución do contrato dos lotes 2,3,4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo, son suficientes para a execución do obxecto do contrato, acordando a tales efectos solicitar á Unidade de Portería e Vixilancia informe avaliador de tal extremo e solicitar á Asesoría Xurídica bastanteo de poder do asinante da proposta do lote 5.

Incorporouse ao expediente bastanteo de poder para o lote 5, con CSV: IV7C6ML6KD6P53N33RW5AJIB6U.

A Unidade de Portería e Vixilancia informa o seguinte:

“Tras examinar a contestación ao requerimento de documentos de adscripción de equipos feito á empresa Mantelnor Limpiezas SL, solicito lle sea realizado un Requerimento de Aclaracións, xa que no Lote 2 non queda claro na contestación si eses medios son a maiores dos esixidos no punto 2.3 do PPT, ou son os totais a dotar nos edificios correspondentes a ese lote. Con respecto ós lotes 3, 4 e 5, o que suscribe considera que os medios materiais adscritos a execución de contrato son suficientes para a execución do mesmo.”

A mesa de contratación acepta o informe técnico e faino seu, e consecuentemente acorda:

Que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda a requirir aclaracións á empresa Mantelnor Limpiezas S.L., sobre os medios materiais adscritos á execución do lote 2 do contrato do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, concedéndolle a tales efectos un prazo de tres días hábiles, dende que se curse o requirimento.

Que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar os lotes 3, 4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

| LOTE   | LICITADOR                     | IMPORTE<br>ADXUDICACIÓN.<br>IVE INCLUÍDO | BOLSA DE<br>HORAS | HORAS DE<br>FORMACIÓN<br>HORAS ANO |
|--|-------------------------------|--|-------------------|------------------------------------|
| LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGÚISMO   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      | 235.940,96                               | 1495              | 10                                 |
| LOTE 4: RED MUSEÍSTICA PROVINCIAL (MUSEO PROVINCIAL LUGO, PAZO DE TOR (TODO O RECINTO), MUSEO DO MAR E MUSEO SAN PAIO DE NARLA | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 236.683,61                               | 1500              | 10                                 |
| LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA  | ITMA S .L.U                   | 249199,32                                | 1622              | 15                                 |

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Acta da mesa de contratación do día 03 de marzo de 2022, con CSV: IV7CY773BFUZZT2G5DR7MEADWPY , na que se recolle o seguinte:

“Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a mesa de contratación en sesión anterior considerou, a necesidade de verificar que os



medios materiais adscritos á execución do contrato dos lotes 2,3,4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo, son suficientes para a execución do obxecto do contrato, acordando a tales efectos solicitar á Unidade de Portería e Vixilancia informe avaliador de tal extremo e solicitar á Asesoría Xurídica bastanteo de poder do asinante da proposta do lote 5.

Incorporouse ao expediente bastanteo de poder para o lote 5, con CSV: IV7C6ML6KD6P53N33RW5AJIB6U.

A Unidade de Portería e Vixilancia informa o seguinte:

“Tras examinar a contestación ao requerimento de documentos de adscripción de equipos feito á empresa Mantelnor Limpiezas SL, solicito lle sea realizado un Requerimento de Aclaracións, xa que no Lote 2 non queda claro na contestación si eses medios son a maiores dos esixidos no punto 2.3 do PPT, ou son os totais a dotar nos edificios correspondentes a ese lote. Con respecto ós lotes 3, 4 e 5, o que suscribe considera que os medios materiais adscritos a execución de contrato son suficientes para a execución do mesmo.”

A mesa de contratación acepta o informe técnico e faino seu, e consecuentemente acorda:

Que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda a requirir aclaracións á empresa Mantelnor Limpiezas S.L., sobre os medios materiais adscritos á execución do lote 2 do contrato do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, concedéndolle a tales efectos un prazo de tres días hábiles, dende que se curse o requirimento.

Que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar os lotes 3, 4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

| LOTE  | LICITADOR                     | IMPORTE<br>ADXUDICACIÓN.<br>IVE INCLÚIDO | BOLSA DE<br>HORAS | HORAS DE<br>FORMACIÓN<br>HORAS AÑO |
|---|-------------------------------|--|-------------------|------------------------------------|
| LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGÜISMO  | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.      | 235.940,96                               | 1495              | 10                                 |
| LOTE 4:RED MUSEISTICA PROVINCIAL (MUSEO PROVINCIAL LUGO, PAZO DE TOR (TODO O RECINTO), MUSEO DO MAR E MUSEO SAN PAIO DE NARLA | ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U. | 236.683,61                               | 1500              | 10                                 |
| LOTE 5:RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA  | ITMA S .L.U                   | 249199,32                                | 1622              | 15                                 |

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Resolución da Presidencia do día 07 de marzo de 2022, con CSV: IV7CYIC3NRZJ5CM2YF5HGEY6JY, pola que se aproba a proposta da mesa de contratación do día 15 de febreiro de 2022.

Consta no expediente notificación da exclusión de oferta e requirimento de documentación do artigo 150 ao segundo mellor clasificado, cursados ao amparo da Resolución da Presidencia do día requirimento de documentación administrativa Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 08 de marzo de 2022, e notificación da exclusión da proposta presentada por Realan Services S.L., efectuada polo mesmo medio na mesma data.

Acordo de Xunta de Goberno do día 11 de marzo de 2022, pola que se aproba a proposta da mesa de contratación do día 03 de marzo de 2022.

Consta no expediente anuncio de adxudicación dos lotes 3,4 e 5 publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 11 de marzo de 2022, e notificación aos interesados remitida simultaneamente a través da mesma plataforma.

Reunida a mesa de contratación na data de hoxe, no tocante á documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, relativa aos lotes 1 e 2, tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.



Incorpóranse ao expediente informes da Unidade de portería e vixilancia, con CSV: IV7CZSKZH4PJXD6TAIQC4XZPFY e CSV: IV7C2KLKJHR5JXO67VUEJYLPE4, no que se recolle que os medios materiais ofertados pola empresa Mantelnor Limpiezas S.L. para os lotes 2 e 1 respectivamente, son suficientes para a execución do contrato. A mesa de contratación acorda aceptar os informes técnicos e facelos seus e consecuentemente acorda propoñer que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar os lotes 1 e 2 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

| LOTE  | LICITADOR                | IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO | BOLSA DE HORAS | HORAS DE FORMACIÓN HORAS ANO |
|---|--------------------------|------------------------------------|----------------|------------------------------|
| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 312.284,58 €                       | 1.825          | 10                           |
| LOTE 2: ARQUIVO E MANTEMENTO<br>CENTRO DE INTERPRETACIÓN<br>CENTRO DE CESTERÍA<br>GRANXA GAIOSO CASTRO<br>GRANXA EXPERIMENTAL<br>CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)<br>PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL<br>EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA) | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 147.221,26 €                       | 1008           | 10                           |

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar os lotes 1 e 2 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, co seguinte detalle:

| LOTE  | LICITADOR                | IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO | BOLSA DE HORAS | HORAS DE FORMACIÓN HORAS ANO |
|---|--------------------------|------------------------------------|----------------|------------------------------|
| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL   | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 312.284,58 €                       | 1.825          | 10                           |
| LOTE 2: ARQUIVO E MANTEMENTO<br>CENTRO DE INTERPRETACIÓN<br>CENTRO DE CESTERÍA<br>GRANXA GAIOSO CASTRO<br>GRANXA EXPERIMENTAL<br>CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)<br>PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL<br>EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA) | MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. | 147.221,26 €                       | 1008           | 10                           |

Tendo en conta que se prevé que o contrato entre en vigor o día 1 de maio de 2022, o importe de adxudicación distribúese atendendo ao seguinte desglose:

| LOTE 1                  | APLICACIÓN | TOTAL (IVE engadido) | IMPORTE 2022 | IMPORTE 2023 |
|-------------------------|------------|----------------------|--------------|--------------|
| LOTE 1: PAZO PROVINCIAL | 9200.22700 | 312.284,58           | 208.189,72 € | 104.094,86 € |

| LOTE 2   | APLICACIÓN | TOTAL (IVE engadido) | IMPORTE 2022 | IMPORTE 2023 |
|--|------------|----------------------|--------------|--------------|
| GRANXA PROVINCIAL  | 4120.22700 | 11.518,50 €          | 7.679,00 €   | 3.839,50 €   |
| GRANXA EXPERIMENTAL  | 4120.22700 | 11.518,50 €          | 7.679,00 €   | 3.839,50 €   |
| ARQUIVO E TALLERES   | 9200.22700 | 32.693,04 €          | 21.795,36 €  | 10.897,68 €  |
| PARQUE MÓBIL   | 9201.22700 | 8.563,73 €           | 5.709,15 €   | 2.854,58 €   |
| CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON) | 3241.22700 | 64.214,91 €          | 42.809,94 €  | 21.404,97 €  |
| CENTRO DE CESTERÍA   | 1729.22700 | 7.194,08 €           | 4.796,05 €   | 2.398,03 €   |
| EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA)                  | 9330.22700 | 11.518,50 €          | 7.679,00 €   | 3.839,50 €   |
| SUMA   |            | 147.221,26 €         | 98.147,51 €  | 49.073,75 €  |

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polas cantidades que se indican para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

**2º.-** A duración deste contrato é de un ano prorrogable anualmente sen que a duración total, incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos (1+1+1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato, que se realizará unha vez formalizado o contrato e feitos os trámites precisos para a subrogación do persoal (transcorridos como máximo quince días naturais dende que se formalice o contrato). Prevéase o inicio do contrato o día 1 de maio de 2022.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.





5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24-03-2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…) Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUX2OFERL5JNT6MAVEMRQ6E<sup>4</sup>.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con

---

<sup>4</sup> Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234, con CSV: IV7CUX2NGEG5TNJA3UVCP2PIM.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CUUDNJIEJ3CWOYNYQOYZB6A.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7CQACLUXTROH7Y4N4EFXPF4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQCK7FV65X3UN2NIWGTJCOI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQGLNNAU47HJPBQ4HE5TCGI.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 28/01/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CSKTZDYESVXWSTVVU6FDROE.

Publicación, o día 04/02/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03/02/2022, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábeis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7CY4IJLPXOXXPYUQYAH4AVIU.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente, con indicación que a relativa á mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL, non indica na declaración responsable o apartado 21 que sinala “Que me someto á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con



renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante”, non obstante este apartado esta referido a empresas estranxeiras, polo que tratándose de empresa nacional, a mesa acorda por unanimidade dar por bo o anexo I e aceptalas a todas.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

A FONSAGRADA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1906 “PEDRAFITELAS (LU-530) – VILARES – OS CANGOS (LU-P-5404)”  
P.K. 0+000 A 14+234

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

|            |           |
|------------|-----------|
| 114.162,80 |           |
| 94.349,42  | 19.813,38 |

NO  
3 MESES

MAXIMO  
1.886,99

| EMPRESAS / (GRUPO)                    | DOC "A" | (A) PRECIO (75)                  | (B) MELLORAS (20) | (C) P. DIVULGACIÓN (5)                    | CRITERIO DESEMPATE       |
|---------------------------------------|---------|----------------------------------|-------------------|---|--------------------------|
|                                       |         | PREZO ( IVE incluído - art 102 ) | Oferta (m DTS)    | Oferta ( sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado | Plantel / Discapacitados |
| 1 CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL       |         | 98.008,76 €                      | 0,00              | 0,00 €                                    | 14/0                     |
| 2 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL |         | 108.453,51 €                     | 0,00              | 0,00 €                                    | 49/0                     |
| 3 GRUPO BASCUAS 2008 SL               |         | 108.340,50 €                     | 200,00            | 0,00 €                                    | 103/3                    |
| 4 MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL        |         | 108.292,58 €                     | 100,00            | 1.886,99 €                                | 7/0                      |
| 5 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL      |         | 111.307,90 €                     | 400,00            | 743,80 €                                  | 36/2                     |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO)                    | PRECIO (75)  |       | MELLORAS (20)  |       | P. DIVULGACIÓN (5)             |      | TOTAL  |
|---------------------------------------|--------------|-------|----------------|-------|--------------------------------|------|--------|
|                                       | Oferta       | Ptos  | Oferta (m DTS) | Ptos  | Oferta (máximo 2% v. estimado) | Ptos | PUNTOS |
| 1 CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL       | 98.008,76 €  | 75,00 | 0,00           | 0,00  | 0,00 €                         | 0,00 | 75,00  |
| 2 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 108.453,51 € | 26,51 | 0,00           | 0,00  | 0,00 €                         | 0,00 | 26,51  |
| 3 GRUPO BASCUAS 2008 SL               | 108.340,50 € | 27,03 | 200,00         | 10,00 | 0,00 €                         | 0,00 | 37,03  |
| 4 MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL        | 108.292,58 € | 27,25 | 100,00         | 5,00  | 1.886,99 €                     | 5,00 | 37,25  |
| 5 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL      | 111.307,90 € | 13,25 | 400,00         | 20,00 | 743,80 €                       | 1,97 | 35,22  |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS                              | OFERTA       |
|---------------------------------------|--------------|
|                                       | Oferta       |
| 1 CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL       | 98.008,76 €  |
| 2 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 108.453,51 € |
| 3 GRUPO BASCUAS 2008 SL               | 108.340,50 € |
| 4 MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL        | 108.292,58 € |
| 5 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL      | 111.307,90 € |

|                     |
|---------------------|
| MEDIA<br>106.880,65 |
|---------------------|

|                                     |
|-------------------------------------|
| BAIXA DESPROPORCIONADA<br>96.192,59 |
|-------------------------------------|

|                          |
|--------------------------|
| 10% ARRIBA<br>117.568,72 |
|--------------------------|

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) |                                     | TOTAL  |
|--------------------|-------------------------------------|--------|
|                    |                                     | PUNTOS |
| 1                  | CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL       | 75,00  |
| 2                  | MANTENIMIENTO FORESTAL MG SL        | 37,25  |
| 3                  | GRUPO BASCUAS 2008 SL               | 37,03  |
| 4                  | IA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL      | 35,22  |
| 5                  | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 26,51  |

Requirir á empresa Construcciones Carballeira SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos indicados no PCAP e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.049,95 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 09/03/2022, con CSV: IV7CZTIIZYXZV7UCAMPQIZBWGY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Carballeira SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 10-03-2022, rematando o prazo de



presentación o día 24-03-2022. A mercantil Construcciones Carballeira SL, presentou a documentación requirida o 18-03-2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 24-03-2022, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Carballeira SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Carballeira SL con C.I.F. B-27121961 representada por D. Rosa María Carballeira Jácome, con DNI \*\*\*4042\*\*, a contratación da obra denominada A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234, no prezo de 98.008,76 €, dos cales 17.009,78€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Carballeira SL con C.I.F. B-27121961 representada por D. Rosa María Carballeira Jácome, con DNI \*\*\*4042\*\*, a contratación da obra denominada A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234, no prezo de 98.008,76 €, dos cales 17.009,78€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.**

*Escrito do Concello de Guntín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 119-120-121-122 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Guntín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (119-120-121-122) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.





O Concello de Guntín presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

| CONCELLO | Nº  | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN  | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN |
|----------|-----|--|------------------------------------|-----------------------------|
| GUNTIN   | 119 | REPARACIÓN DO VIAL DE ACCESO DE FOXACO A MONTECELO E PISTA EN GONDAREN, INCLUÍDO HONORARIOS                                | 1531.76201                         | 21,88€                      |
| GUNTIN   | 120 | REPARACIÓN VIARIA DOS ACCESOS A POZO, POSTA DE GRAZÓS A CASTELO, DE LAMELA A GOMELLE E ACCESO A VEIGA, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201                         | 41,10€                      |
| GUNTIN   | 121 | REPARACIÓN DO VIAL DE ACCESO A LEMPARTE E LAXE, INCLUÍDO HONORARIOS  | 1531.76201                         | 32,72€                      |
| GUNTIN   | 122 | REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESO A VILARMAO DENDE A LU-P-2403, INCLUÍDO HONORARIOS                                      | 1531.76201                         | 4.178,00€                   |

Por escrito de data 25/03/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| CONCELLO | Nº  | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN  | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|----------|-----|--|------------------------------------|-----------------|-------------------|--------------------|
| GUNTIN   | REM | REPARACIÓN DE CAMIÑO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE VILAR, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201                         | 529,78€         | 4.273,70€         | 4.803,48€          |

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Guntín, no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guntín e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

| CONCELLO | Nº  | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN  | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|----------|-----|--|------------------------------------|-----------------|-------------------|--------------------|
| GUNTIN   | REM | REPARACIÓN DE CAMIÑO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE VILAR, INCLUÍDO HONORARIOS | 1531.76201                         | 529,78€         | 4.273,70€         | 4.803,48€          |

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DE REMANENTES E APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CONVENIO INTERADMINISTRATIVO CO CONCELLO DE A PASTORIZA.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 16 de xuño de 2021, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o día 20 de xullo do mesmo ano.

O 16 de marzo de 2022, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, a representante legal do Concello de A Pastoriza presentou, no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, escrito mediante o cal solicita a aplicación dos remanentes producidos na licitación das obras necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio, así como a modificación das súas cláusulas primeira, terceira e cuarta, no que atinxe ás actuacións a executar, ao seu custo e aos importes comprometidos por cada unha das partes.



A dita solicitude fundaméntase en que, producidas baixas na licitación do contrato necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio, resulta necesaria a aplicación de parte dos remanentes producidos, pois, iniciadas as obras, constatouse que, para a súa correcta execución, é necesaria unha modificación do contrato que supón un incremento de 7.811,19 € sobre o prezo de adxudicación, pois nos accesos aos núcleos de Montouto e A Portela, nos ramais 2 e 3, sería necesaria a substitución do pavimento proxectado por outro, de formigón HA-25/P/20/II-a, armado con fibra de polipropileno, para proporcionar unha maior duración do mesmo, dado o paso frecuente de maquinaria agrícola pesada, pois trátase de zonas gandeiras nas que se cría un gran número de cabezas de gando.

Examinada a solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe favorable á estimación da dita solicitude, o 17 de marzo de 2022.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse, o 23 de marzo de 2022, informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Finalmente, á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención informou favorablemente, o 28 de marzo de 2021, a modificación do convenio de referencia nos termos citados anteriormente.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio (14.753,93 €) para a execución das actuacións inherentes á modificación do contrato de obras adxudicado para o cumprimento da finalidade de aquel, por contía de 7.811,19 €.

2º.- Modificar as cláusulas primeira, terceira e cuarta do convenio interadministrativo de cooperación subscrito pola Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Pavimentación de accesos a núcleos nas parroquias de Rigueira e Cadavedo”, asinado polas partes o 20 de xullo de 2021, nos termos da addenda que figura no expediente, manténdose inalteradas o resto das cláusulas de aquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

*Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 72.49 euros.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

| ACREEDOR                 | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM                                | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|--------------------------|---------------|--------------|---------|--|-------------------|------------------|--------------------------------|
| IGNACIO DOCANDO TELJEIRO | 22/00003      | 28/02/22     | 72,49 € | Subm.pneumaticos para maquinaria da Granxa. 2022/FAC-01/000692 | SUBM.             | febreiro 2022    | 4120.213<br>92022/2504         |
| TOTAL                    |               |              | 72.49 € |  |                   |                  |                                |

Total 72.49 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato



Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 24/03/2022 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 72,49 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e proponendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 72.49 €:

| ACREEDOR                 | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM                                | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|--------------------------|---------------|--------------|---------|--|-------------------|------------------|--------------------------------|
| IGNACIO DOCANDO TEIJEIRO | 22/00003      | 28/02/22     | 72,49 € | Subm.pneumaticos para maquinaria da Granxa. 2022/FAC-01/000692 | SUBM.             | febreiro 2022    | 4120.213 92022/2504            |
| TOTAL                    |               |              | 72.49 € |  |                   |                  |                                |

Total 72.49 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE MARZO DE 2022, POR ERRO NA PROPOSTA DE VALIDACIÓN DE FACTURA DO PARQUE MÓBIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Advertido erro material no Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo do Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio fora do contrato, da factura 22/00205 de Neumáticos Docando, S.L por un importe de 510,21 €, aprobado en Xunta de Goberno de data 18 de marzo de 2022, proponse a anulación do mesmo, dado que o nome da empresa da factura que inicia o expediente non é o correcto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- PROPOSTA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO MAZO DE SANTA COMBA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta o cese na prestación do servizo para a explotación da Area Recreativa desta Deputación de Lugo denominada Mazo de Santa Comba por cumprimento do prazo polo que fora adxudicado por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada con data 18 de outubro de 2013, cuxas prorrogas foron aprobadas por Resolución de Presidencia de data 30 de outubro de 2017 e por Resolución de Presidencia de data 30 de outubro de 2019, e finalizando o día 30 de outubro de 2021 data na que se cumpriu a previsión do prazo inicial e das súas prórrogas.

Ao efectos da tramitación dun novo procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmovible provincial de natureza xurídica de ben demanial e atendendo ao contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, a Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio, informa con data do 07 de marzo de 2022 baixo o CSV IV7CYEHT3BN73WOZAYQBCIPXAE sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda como promover o uso e explotación do inmovible para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para a adxudicación da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.



O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial dun ben de dominio publico denominado instalacións en Ponte do Sil reitor consta asinado con data do 29.03.2022 baixo o CSV IV7CED3OZ54KROGOUXWT4XTXKU.

A Intervención Provincial con data do 30.03.2022 baixo o CSV IV7CEK7LGBG3ZVFIWI5XCUROG4 emite informe no que conclúe que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado “Mazo de Santa Comba”.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Mazo de Santa Comba.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

3º.- Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **10.- PROPOSTA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO INSTALACIÓNS EN PONTE DO SIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data do 23 de febreiro de 2022 a Deputación de Lugo presentou a nova tempada para coñecer a nosa provincia a través das rutas en catamarán pola Ribeira Sacra , e segundo a que se manteñen os dous percorridos: a ruta fluvial Canón do Sil, que parte do embarcadoiro da Deputación Ponte de Sil, en Monforte de Lemos, e a Ruta Fluvial do Cabo do Mundo, que parte de Belesar Pobo, en Chantada.

Tendo en conta que xunto a ruta que navega polo Río Sil denominada Canon do Sil, que inicia e finaliza o seu percorrido no embarcadoiro do Ponte do Sil, encontrase baixo a denominación Instalacións en Doade o inmovible provincial inscrito no Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación ao número vinte e catro, folio corenta e dous, que son as actuais instalacións denominadas Ponte do Sil segundo informe que Area de Turismo emite o 14 de xullo de 2021 que consta no expediente.

Tendo en conta o contido incorporado na Certificación de inscrición no Libro Inventario de Bens e dereitos provinciais, e que o inmovible se identifica baixo os números de referencia catastrais 27031A161000970001HA (edificio) e 27031A161000970000GP (parcela) segundo sinatura emitida baixo o CSV IV7E43S22DZJVDHYXUECOYIBCM.

Tendo en conta que aos efectos da tramitación dun procedemento para o aproveitamento e explotación deste inmovible provincial de natureza xurídica de ben demanial, a Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio con data do 07 de marzo de 2022 e CSV IV7CYHXMFMFTR6J2WEXV7Z7TG4 informa sobre a lexislación aplicable e determinando que o presente procedemento ten por obxecto a ocupación privativa do dominio público provincial cuxa ocupación, incluso mediante obras ou instalacións fixas, permitirá a explotación do denominado instalacións en Ponte do Sil amparada mediante o outorgamento dunha a concesión demanial.

Ademais informa que o outorgamento da concesión demanial efectuarase mediante un procedemento que será de concorrencia pública e adxudicación por concurso en tanto esta Administración non pretende tanto obter unha renda como promover o uso e explotación do inmovible para cuxo fin redáctase o prego reitor coas condicións xerais que servirán de base para a adxudicación da citada concesión demanial, estimando todo elo adecuado á lexislación vixente, polo que pode someterse á aprobación da Xunta de Goberno.





O prego de condicións que han de rexer o concurso para a concesión demanial dun ben de dominio publico denominado instalacións en Ponte do Sil reitor consta asinado con data do 29.03.2022 baixo o CSV IV7CEGY2ZM4J7ZPKYYOFO72EIY.

A Intervención Provincial con data do 30.03.2022 baixo o CSV V7CELDL2DV75VH7YY5U6ACSI4 emite informe no que conclúe que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado “Área Ponte do Sil”.

Polo exposto, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Instalacións Ponte do Sil.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

3º.- Proceder á convocatoria pública e exposición das bases que regularán o presente procedemento de concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COORGANIZACIÓN DO VIII FÓRUM DE CIDADES E TERRITORIOS CREATIVOS DE ESPAÑA FORUM LUGO 2022.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver a coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Fórum Lugo 2022.

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro do 2020, adoptou, entre outros, o acordo de adhesión da Deputación de Lugo, en calidade de socia fundadora, á rede de cidades e territorios creativos de España: Innovación Colaborativa.

No artigo 28 dos Estatutos da “Red de Cidades y Territorios Creativos de España” sinálanse os dereitos dos socios membros da rede, entre os que se atopa:

(...) - Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fines (...).

O Fórum Cidades e Territorios Creativos de España é un evento cidade, un espazo de participación encontro e reflexión, onde compartir experiencias, proxectos innovadores e integrais, nos que se xeran sinerxias ou se establecen lazos de colaboración e cooperación, que favorezan o desenvolvemento e consolidación da Red de Cidades e Territorios Creativos de España, que potencie conxuntamente a nosa creatividade colectiva a partires da suma das creatividade individuais urbanas ou rurais e favoreza o rexurdir das nosas cidades e territorios como polos de innovación para o desenvolvemento dun novo modo de vida, con novos calores capaces de construír un novo sistema económico, social, cultural e medioambiental que de paso a un novo rexurdir das cidades e territorios do Estado.

Do 28 de marzo ao 31 de xullo do 2020, en Orihuela organizouse o VII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España, nesa convocatoria a Deputación Provincial de Lugo, preséntase co proxecto “Reserva da Biosfera de Os Ancares. Identificación dos soutos de castaño”, gañando o certame e conseguindo a Copa España Creativa 2020.

As propias Bases de Participación do Certame establecen: “El ganador de la Copa España Creativa Orihuela 2020 se compromete a coorganizar la siguiente edición del Fórum junto con la



Asociación España Creativa. En este caso, el VIII Fórum de Ciudades y Territorios Creativos de España que se celebrará en la ciudad o localidad que gane la Copa España Creativa Orihuela 2020. Dicha coorganización conlleva la aportación de los recursos necesarios por parte de la ciudad anfitriona (tanto materiales como humanos y financieros)”.

O Fórum Lugo 2022, trátase dun evento de 4 días de duración (do 10 ao 13 de novembro do 2022) a desenvolver polos destinos turísticos máis destacados da Provincia de Lugo, con sede en Lugo capital (Mariña, Ribeira Sacra e Lugo Monumental), durante os cales organizaranse distintas conferencias con personalidades destacadas tanto a nivel nacional como internacional, visitas guiadas, gala de premios dos proxectos presentados nesta edición, distintas visitas turísticas aos lugares máis destacados da provincia así como comidas e cenas para os ponentes, membros de xurado e participantes.

O custe estimado que ten que asumir o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo para o bo desenvolvemento do evento, consideramos que é dun máximo de 57.700 €.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a coorganización do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España Fórum Lugo 2022, tendo en conta as características indicadas, para executar durante o ano 2022 por un importe de 57.700 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS.**

*Convocatoria e das Bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación*

*infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas”, na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas”, na anualidade 2022, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse, o 31 de marzo de 2022, informe do seguinte teor:

“Antecedentes

Primeiro.- Tal e como reconece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS):

“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

(...).

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

(...).

Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia.  
(...).

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.



Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Decreto do 2 de abril de 2020, o Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:

Mellora da competitividade das granxas e explotacións agrogandeiras, dos seus produtos e dos seus respectivos transformados ou elaborados.

Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.

Promoción de accións encamiñadas a que os mozos do rural adquiren unha maior autoestima.

Dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos agricultores, con visitas guiadas dos rapaces das escolas, para que poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria.

Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións agrarias artesanais e/ou tradicionais, que permitan xerar ingresos por rendas complementarias ao fronte das granxas.

Redución ou minimización dos problemas da crise demográfica existentes en gran parte do territorio rural da Provincia, que estean ligados ás limitacións na xeración de valor pola agricultura e a gandería e que precisan dunha diversificación e xeración de novas actividades nestas zonas.

Desenvolvemento de vínculos entre o mundo do traballo, a educación e a formación, o que garantirá a incorporación de novos agricultores e gandeiros.

Apoio ás accións formativas específicas das profesións relacionadas cos sectores citados, que contribúan á promoción do relevo xeracional.

Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude e xustificación.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

“A educación ambiental propón un gran obxectivo para a escola: capacitar aos nenos e nenas na análise da súa realidade e actuar de forma reflexiva, valorando a repercusión das accións no medio”.

Esta declaración de Alejandro Tiana Ferrer, Secretario de Estado de Educación, é unha clara expresión do valor e o papel que a educación ambiental desempeña a nivel global na nosa sociedade e, en especial, na mocidade. Neste particular, resulta indispensable o traballo fóra da aula para que as novas xeracións comprendan e se sensibilicen coa realidade actual.

Asemade, non hai dúbida de que unha visita a unha granxa é un excelente recurso educativo, xa que ofrece un gran valor social e didáctico, mediante a realización de actividades



axeitadas e adaptadas aos/ás nenos/as, desenvolvendo varios dos obxectivos propostos na educación infantil.

As ditas visitas son moi beneficiosas, xa que nelas pódense experimentar, en primeira persoa e de xeito impactante, moitos aspectos da contorna natural e dos seres vivos que nos rodean. O/a neno/a ve de primeira man todo o que desde a escola non pode aprender sen unha experiencia de observación na que entra en contacto directo coa realidade.

Polo tanto, a realización dunha saída a unha granxa resulta interesante, relevante e beneficiosa para o alumnado, podéndolle amosar e facilitándolle coñecer o seu propio medio, as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que viven nela, o seu comportamento e os seus coidados, así como coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural.

Por maior abastanza, nun contexto como o actual, condicionado pola crise da Covid-19, resulta fundamental darlle apoio ao sector primario mediante a posta en valor e a promoción dos produtos de proximidade e de calidade que xeran, como estratexia para avanzar cara a unha meirande soberanía alimentaria.

A educación e concienciación dos/as nenos/as e mozos/as tamén encaixa dentro deste obxectivo, achegándoos a contornas onde se realizan actividades agrícolas e gandeiras, permitíndolles un maior coñecemento e valorización do sector primario, así como das producións locais.

Doutra banda, a diversificación da obtención de ingresos co desenvolvemento de actividades educativas por parte das explotacións agrarias é outro dos obxectivos da política agraria europea, coherente á súa vez co obxectivo de diversificar e complementar a oferta das explotacións, a través de subprodutos e a vinculación do sector coa paisaxe e o turismo.

Por estas razóns, resulta fundamental a existencia de explotacións agrícolas e gandeiras que aborden tarefas de educación da poboación provincial, e mesmo se especialicen nese labor, constituíndose en elemento de unión do rural coa mocidade, dedicadas a ofrecer servizos

educativos relativos ás actividades agropecuarias vencelladas ao sector primario da provincia de Lugo.

Asemade, a comunidade educativa demanda a diversificación dos servizos ofrecidos, de xeito que se constitúan en elemento innovador para dotar aos docentes de ferramentas axeitadas e subministren aos mozos unha formación motivadora e de calidade. Ademais, os servizos dirixidos á comunidade educativa adoecen dun custo ás veces demasiado elevado, o que pode determinar un prezo do servizo disuasorio para os grupos de escolares.

Ademais disto, existe unha idea negativa respecto aos espazos rurais, promovéndose a idea xeral de que os/as mozos/as teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permiten dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen e afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2020 a 2022, ten por obxectivo específico a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: “educación e a concienciación, por ser un aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, preténdese inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras”.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2022, a primeira edición do Programa “Da escola á





granxa”, para apoiar a organización de actividades e visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo; e procédese á publicación do texto íntegro das bases canalizadoras de subvencións e á publicación da súa convocatoria, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.”

Consideracións legais e técnicas.

Normativa aplicable.

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (en adiante, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021- (en adiante, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (en adiante, RODPL).

As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras das subvencións.

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

“Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.

c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como establece o artigo 9.2 da dita Lei.

Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:



1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.

2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.

Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que “os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”.

Á mesma conclusión se chega da lectura do artigo 20.2.a) da LSG, consonte ao cal a convocatoria dos procedementos de concesión de subvencións conterà, entre outras, “indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que estea publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria”.

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa “Da escola á granxa” esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Definición precisa do obxecto da subvención.

b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.

c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.

d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.

e) Procedemento de concesión da subvención.

f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.

g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.

h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.

i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.

j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.

m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.



p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.

q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.

Con todo, é criterio desta entidade o de denominar ás normas reguladoras das subvencións Bases canalizadoras, polo que as Bases que aquí se informan correspóndense con esa denominación.

### Procedemento de concesión.

Consonte ao artigo 19.2 da LSG, “as bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei”.

Sendo que a concesión das subvencións realizarase atendendo á orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, ao abeiro do citado artigo, o procedemento de concesión das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

### Convocatoria das subvencións.

En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.

m) Prazo de xustificación da subvención.



n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).

(...).

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).

No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

Requisitos para o outorgamento das subvencións.

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

“a) A competencia do órgano administrativo concedinte.

b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.

d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

e) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2021 establece que “o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”

No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que “os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.”





Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2.1, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.

(...).

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.

Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, o órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.

Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa.

A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que o orzamento dispoñible para a execución do Programa “Da escola á granxa” é limitado e, en certo xeito, escaso. Por elo, e sen prexuízo de que a concesión das subvencións se realizará tendo en conta a orde de presentación das solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade preténdese que a lo menos unha ANPA de cada municipio da provincia poida acceder ás axudas.

Sendo que a Provincia está integrada por 67 municipios, divídese o orzamento total dispoñible (40.000 €) entre o número de municipios, obténdose a cifra de 597,01 €. En consecuencia, establécese a contía máxima das subvencións en 600 € para propiciar as condicións que aseguren o acceso ás mesmas dun número de ANPAS, cando menos, igual ao de municipios que integran a Provincia.

Xustificación das entidades incluídas no anexo IV das Bases que se informan.

A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo mantén un contacto continuo cos produtores do sector primario provincial, a través das asociacións con maior representación neste ámbito.

Co obxecto de asegurar a maior eficiencia na utilización dos recursos públicos e de acadar con plenitude os obxectivos perseguidos coa posta en marcha do Programa “Da escola á granxa”, realizáronse consultas ás ditas asociacións coa finalidade de coñecer as explotacións e entidades mellor capacitadas para a organización de visitas e/ou o desenvolvemento de obradoiros e xornadas divulgativas, primando, ante todo, a calidade das actividades a realizar.

Tamén se procurou non excluír nin prexudicar ou limitar a ningún centro escolar por razón da súa localización xeográfica no ámbito provincial.

De todo elo derivou unha relación de explotacións e entidades que garanten o cumprimento dos citados obxectivos, e coas que se mantivo un contacto individualizado a efectos de coñecer en profundidade as actividades ofrecidas por cada unha delas e a súa calidade.

En definitiva, escolléronse produtores e entidades de referencia no seu ámbito, así como con experiencia na organización de actividades con escolares, que, ademais, estiveran distribuídos equitativamente por toda a Provincia, de xeito que a distancia ás distintas explotacións non fora impedimento para que ningún centro escolar se acollera ao Programa.



Tamén se procurou dispoñer dunha oferta formativa variada, incluíndo a produtores de distintos ámbitos do sector agrícola e gandeiro, tales como a produción de froitos tropicais, faba de Lourenzá, produtos lácteos, mel, castañas, ovos, gando ovino, vacún, cabalar, cabrún, porcino e aviar.

Asemade, ao obxecto de non excluír nin prexudicar ou limitar aos centros escolares con dificultades para a realización de desprazamentos, engadíronse entidades capacitadas para a realización de obradoiros e/ou xornadas divulgativas nos propios centros escolares, tamén con experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións.

As ditas explotacións e entidades figuran no anexo IV da convocatoria que se informa.

Por todo o exposto, informo favorablemente:

A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da granxa á escola”, na anualidade 2022, dotado con 40.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2022.

A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo.

A aprobación do gasto, por importe de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, do 1 de abril de 2022, sobre as bases e os modelos de solicitude e xustificación que rexerán a citada convocatoria.

Á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención fiscalizou favorablemente o expediente o 1 de abril de 2022.

Por todo o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da granxa á escola”, na anualidade 2022, dotado con 40.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2022.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

**3º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.

**4º.-** A aprobación do gasto, por importe de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO SEGURIDADE SOCIAL Nº 294/2020.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Cédula de Citación relativa ao Procedemento Seguridad Social 294/2020 seguido a instancia da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. fronte á resolución ditada pola Dirección Provincial do Servizo de Emprego ditada no expediente 2700001/ACC-R84.4/TT.C.99, na que empraiza ás partes para comparecer ante o Xulgado do Social nº1 de Lugo o día 6 de abril de 2022 para a celebración do acto do xuízo.

Visto que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria do 30 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Proposta da Presidencia, relativa á aprobación dos acordos adoptados pola comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA), SUPLUSA en liquidación”, entre cuxos puntos se inclúe “4.- Sucesión universal e cesión global do activo e pasivo: Implica a subrogación da Deputación de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular mediante cesión global do activo e pasivo”.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

**2º.-** A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora necesario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

**Primeira.-** *Conta e cumprimento Sentenza nº 15/2022, de 7 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 335/2021.*

Dase conta da sentenza nº 15/2022, de 7 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 335/2021, seguido a instancia de Reale Seguros Generales, S.A. fronte á desestimación por silencio administrativo de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na estrada LU-P-1611, P.K. 126.3; e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que debo estimar y estimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de Reale Seguros Generales S.A. frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con intervención de Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.L., seguido ante este Juzgado como Proceso Abreviado número 335/2021 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, de esta Sentencia, que se declara contraria a Derecho y se anula, y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a Reale en la suma de 7.303 euros; con el incremento en el interés legal del dinero a computar desde el 20 de marzo de 2020*”. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquía do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

**Segunda.-** *Conta e cumprimento do Decreto de data 4 de marzo de 2022 ditado pola Sección 1ª da Audiencia Provincial de Lugo no procedemento: Recurso de Apelación 615/2020.*

Dase conta do decreto de data 4 de marzo de 2022 ditado pola Sección 1ª da Audiencia Provincial de Lugo, no recurso de Apelación 615/2020 seguido a instancia desta entidade fronte á Sentenza nº 173/2020, de 17 de setembro, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Lugo no Procedemento Ordinario 983/2016, seguido a instancia de Dª Dolores Trashorras Carreira fronte á Deputación en materia de declaración de dereito de servidumbre; e en cuxo fallo di o seguinte:



*“Aprobar la tasación de costas practicada en este proceso en fecha 11 de febrero de 2022, por importe de 2.130,19 euros, a cuyo pago ha sido condenada la parte apelante.”* A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de 2.130,19 euros en concepto de custas na conta da Audiencia Provincial de Lugo.

#### **15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.